

# **A contratación e a afiliación no primeiro cuadrimestre de 2023**



Neste informe analizamos a evolución do emprego no primeiro cuadrimestre de 2023 atendendo á evolución de dúas variables: a contratación e a afiliación á seguridade social.

Tomamos como referencia o mesmo período do ano 2022, xa que foron os primeiros meses de aplicación da reforma laboral e así comprobamos, tamén, os seus efectos no mercado de traballo un ano despois. As fontes de información son a contratación rexistrada que ofrecen o SEPE e o Instituto Galego de Estatística e a afiliación media da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (ao réxime xeral, obviamente).

## I. A CONTRATACIÓN REXISTRADA

En primeiro lugar, un dos elementos que máis nos interesa analizar é a evolución da contratación en función da súa modalidade, é dicir, tendo en conta se se trata de contratación indefinida ou temporal. Na seguinte táboa comparamos a contratación rexistrada entre o mes de abril dos dous anos sinalados, diferenciando entre indefinida e temporal.

**Cadro nº 1: CONTRATACIÓN INDEFINIDA E TEMPORAL**

	2022	2023	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA
INDEFINIDO ORDINARIO	17.994	17.410	-584	-3,25%
CONVERTIDOS A INDEFINIDOS	9.074	1.980	-7.094	-78,18%
<b>INDEFINIDOS</b>	<b>27.068</b>	<b>19.390</b>	<b>-7.678</b>	<b>-28,37%</b>
TEMPORAIS	37.228	32.267	-4.961	-13,33%
PRÓRROGAS	5.014	5.611	597	11,91%
<b>TEMPORAIS</b>	<b>42.242</b>	<b>37.878</b>	<b>-4.364</b>	<b>-10,33%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>69.310</b>	<b>57.268</b>	<b>-12.042</b>	<b>-17,37%</b>

Fonte: elaboración propia sobre datos da Estatística de Contratos. SEPE. Abril de cada ano.

En abril de 2022 rexistráranse 69 310 contratos, dos que 17 994 eran de carácter indefinido mentres que os temporais ascendían a 37 228; convertéronse a indefinidos 9074 e prorrogáronse 5014 temporais. No mesmo período de 2023, o número de contratos rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego redúcese nun significativo 17,37 %, ata situarse o volume total en 57 268 contratos, dos que 17 410 eran de carácter indefinido, mentres que os temporais ascendían a 32 267; convertéronse a indefinidos 1980 e prorrogáronse 5611 temporais.


O conxunto da contratación redúcese en abril de 2023 e cae tanto a indefinida (como suma da indefinida ordinaria e das conversións) un 28,37 % como a temporal (acumulando temporais e prórrogas) un 10,33 %. Dentro da contratación indefinida, destaca o lixeiro retroceso da contratación indefinida ordinaria (redúcese un 3,25 %) fronte á baixada das conversións de contratos temporais en indefinidos (diminúen un 78,18 %). En relación coa contratación temporal, destaca a caída dun 13,33 % da contratación temporal inicial fronte ao incremento das prórrogas nun 11,91 %.

Cómpre tamén comparar as proporcións de contratos temporais e indefinidos iniciais sobre o total para analizar as variacións. Nos seguintes gráficos apréciase que en 2022 os contratos

temporais representaban o 67,42 % da contratación, mentres que en 2023 supoñen o 64,95 %. Canto á contratación indefinida, era do 32,58 % en 2022 e alcanza o 35,05 % en 2023.

Comprobamos que a contratación indefinida inicial segue medrando e reducíndose a temporal, obxectivos prioritarios da reforma laboral.

**Gráfico nº 1: CONTRATACIÓN INDEFINIDA E TEMPORAL INICIAL**



Fonte: elaboración propia sobre datos da Estatística de Contratos. SEPE. Abril de cada ano.

## Análise por modalidade de contratación

Se atendemos á evolución das diferentes modalidades de contratación, podemos ver os cambios tras a reforma laboral:

**Cadro nº 2: EVOLUCIÓN DAS MODALIDADES DE CONTRATACIÓN (ACUMULADO XANEIRO-ABRIL)**

	2022	2023	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN RELATIVA	% 2022	% 2023
<b>CONTRATOS INICIAIS</b>	<b>55.222</b>	<b>49.677</b>	<b>-5545</b>	<b>-10,04%</b>	<b>79,67%</b>	<b>86,74%</b>
INDEFINIDO ORDINARIO	17.994	17410	-584	-3,25%	25,96%	30,40%
DE OBRA OU SERVIZO	1.682	0	-1682	-100,00%	2,43%	0,00%
EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN	27.682	25.074	-2608	-9,42%	39,94%	43,78%
SUBSTITUCIÓN	6.256	5037	-1219	-19,49%	9,03%	8,80%
PRÁCTICAS	417	165	-252	-60,43%	0,60%	0,29%
FORMACIÓN	47	107	60	127,66%	0,07%	0,19%
OUTROS	1.144	1.884	740	64,69%	1,65%	3,29%
PRÓRROGAS	5.014	5.611	597	11,91%	7,23%	9,80%
CONVERSIÓNS A INDEFINIDOS	9.074	1.980	-7094	-78,18%	13,09%	3,46%
<b>TOTAL</b>	<b>69.310</b>	<b>57.268</b>	<b>-5545</b>	<b>-10,04%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: elaboración propia sobre datos da Estatística de Contratos. Instituto Galego de Estatística. Abril de cada ano.

Os contratos de obra ou servizo desaparecen porque non se poden formalizar novos contratos desde marzo de 2022. Nesa mesma data, os contratos eventuais por circunstancias da produción pasan a ter unha nova regulación máis restritiva (o que provoca a súa caída dun 9,42 %) e os contratos de interinidade son substituídos polos de substitución (redúcese un 19,49 % no período analizado).

A reforma laboral redefine os contratos formativos, reducíndoos a dúas tipoloxías: formación en alternancia e obtención da práctica profesional, que amosan unha desigual evolución no

período analizado: os de prácticas redúcense un 60,43 %, mentres que os de formación medran un 127,66 %.

Os contratos englobados na epígrafe «outros» rexistran un destacado incremento do 64,69 %, segundo o recollido no cadro anterior, que se debe ao desenvolvemento de dúas novas modalidades de contratación temporal relacionadas cos fondos europeos e cos contratos de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, amais das outras modalidades que xa se incluían anteriormente.


Se atendemos á evolución da distribución de cada unha das modalidades sobre o total, comprobamos que aumenta o peso dos contratos iniciais (dun 79,67 % no 2022 a un 86,74 % no 2023) en detrimento das conversións a indefinidos, que caen en case 10 puntos ata situarse no 3,46 % do total. Atendendo ás propias modalidades de contratación, cómpre destacar que o contrato que máis aumenta é o indefinido ordinario: pasa de supoñer o 25,96 % do total de contratos rexistrados en 2022 ao 30,40 % en 2023.

## II. EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

A media de persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social en Galicia nos catro primeiros meses de cada ano aumentou un 2,42 % entre abril de 2022 e abril de 2023. Isto quere dicir que en 2023 había 18 789 persoas afiliadas máis, o que sitúa o volume total de afiliación nesa data en 794 651 afiliados e afiliadas, a cifra máis alta rexistrada desde xullo de 2007.

A afiliación indefinida incrementouse un 14,41 % para o mesmo período, feito que supón un aumento de 76 357 persoas afiliadas e, dentro desta, a afiliación a tempo completo creceu un 10,93 % con respecto a 2022, a afiliación indefinida a tempo parcial fíxoo un 19,09 % e entre os fixos descontinuos o aumento foi do 57,78 %. En termos absolutos, estaríamos a falar de que a afiliación que máis medrou foi a indefinida a tempo completo (45 041 persoas afiliadas máis que en 2022), seguida da indefinida a tempo parcial (18 115 persoas afiliadas máis) e, por último, a fixa descontinua, que o fixo en 13 201 persoas afiliadas máis.

**Gráfico nº 2: EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN INDEFINIDA SEGUNDO TIPO DE XORNADA**




Fonte: elaboración propia sobre datos da Tesourería da Seguridade Social. Abril de cada ano.

As persoas afiliadas con modalidade fixa descontinua representan un 5,95 % do total en 2023, mentres que a porcentaxe en 2022 era do 4,31 %. Polo tanto, segue sendo unha modalidade contractual residual.

No ano 2023, a contratación indefinida segue a ser maioritariamente a tempo completo (75,41 % do total), seguida dos contratos a tempo parcial (18,64 %); os fixos descontinuos só supoñen o 5,95 % do total. En comparación co ano anterior, a composición mantense bastante similar.

**Gráfico nº 3: EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN TEMPORAL SEGUNDO TIPO DE XORNADA**



Fonte: elaboración propia sobre datos da Tesourería da Seguridade Social. Abril de cada ano.

A afiliación temporal ao réxime xeral da Seguridade Social nos catro primeiros meses do ano reduciuse un 35,34 % ao pasar de 172 177 afiliacións en abril de 2022 a rexistrar tan só 111 323 en 2023. Neste caso, a afiliación temporal a tempo completo acumulada reduciuse un 29,90 %, mentres que a afiliación temporal a tempo parcial fíxoo nun 47,89 %.

Neste caso é interesante subliñar que, así como o peso da afiliación a tempo completo era do 69,73 % do total en 2022, no ano 2023 esta modalidade pasa a significar o 75,60 % do total. Polo tanto, dentro da afiliación temporal gaña peso a modalidade a tempo completo en detrimento da parcial.

## **Análise por sexos**

A afiliación feminina ao réxime xeral da Seguridade Social medra un 2,92 % entre 2022 e 2023 e faino con maior intensidade que a masculina (1,90 %). En cifras absolutas, tamén crece en maior número a media de afiliadas que a de afiliados: 11 409 mulleres e 7339 homes máis.

A afiliación con contrato indefinido aumenta máis nas mulleres (15,02 % de aumento) que entre os homes (13,87 % máis). En cambio, en cifras absolutas, eles presentan 39 125 afiliados máis en 2023 respecto de 2022, e elas, 37 232 afiliadas máis.

**Cadro nº 3: EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN INDEFINIDA POR SEXOS**

	2022		2023		VARIAC. ABSOLUTA		VARIAC. %	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
<b>INDEFINIDO T. COMPLETO</b>	163.793	248.222	181.421	275.635	17.628	27.413	10,76%	11,04%
<b>INDEFINIDO T. PARCIAL</b>	69.224	25.659	81.869	31.129	12.646	5.470	18,27%	21,32%
<b>INDEFINIDO FIXOS DESCONTINUOS</b>	14.787	8.061	21.745	14.303	6.958	6.242	47,06%	77,44%

Fonte: elaboración propia sobre datos da Tesourería da Seguridade Social. Abril de cada ano.

Se nos centramos nas persoas afiliadas indefinidas a tempo completo, pode dicirse que este tipo de xornada aumentou un 11,04 % no caso dos homes e un 10,76 % no caso das mulleres, con 27 413 e 17 628 persoas afiliadas, respectivamente, desde 2022. Canto ás xornadas parciais indefinidas, o emprego feminino creceu nun 18,27 % e 12 646 mulleres máis, mentres que o masculino fíxoo nun 21,32 % e 5470 homes máis.

No que respecta ás persoas fixas descontinuas, o aumento máis notable preséntano os homes cun 77,44 % de crecemento, 6242 homes máis. As mulleres fixérono nun 47,06 % e 6958 mulleres máis. As cifras absolutas permiten ver que o aumento foi bastante axustado entre sexos. No entanto, hai que lembrar que o peso desta modalidade contractual respecto ao total de indefinidos mantense bastante baixa (4,31 % sobre o total).

**Cadro nº 4: EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN TEMPORAL POR SEXOS**

	2022		2023		VARIAC. ABSOLUTA		VARIAC. %	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
<b>TEMPORAL T. COMPLETO</b>	61.834	58.230	49.966	34.199	-11.868	-24.031	-19,19%	-41,27%
<b>TEMPORAL T. PARCIAL</b>	33.726	18.387	17.271	9.888	-16.456	-8.499	-48,79%	-46,22%

Fonte: elaboración propia sobre datos da Tesourería da Seguridade Social. Abril de cada ano.

Respecto da afiliación temporal, entre 2022 e 2023 os homes reducen a afiliación nun 42,46 % e 32 531 afiliados menos, mentres que as mulleres fano nun 29,64 % e 28 323 afiliadas menos.

A afiliación temporal reduce a súa presenza no mercado de traballo tanto en xornadas a tempo completo como nas de tempo parcial, pero estas últimas con maior intensidade que nas cifras absolutas. No caso das xornadas a tempo completo, nos homes redúcense con maior forza (41,27 %) que nas mulleres (19,19 %). E no caso das xornadas a tempo parcial, nas mulleres baixan de forma máis intensa tanto en valores relativos (48,79 %) como absolutos (16 456 afiliadas menos).

### III. CONCLUSIONES

Os datos analizados permítenos concluir que a contratación indefinida inicial crece e a temporal cae, poñendo freo ao abuso da temporalidade que se deu ata 2022. A contratación temporal pasa de supoñer o 67,42 % do total ao 64,95 % no último ano debido ao retraemento da contratación temporal. Polo tanto, as incorporacións ao mercado de traballo son máis estables e as temporais son menos frecuentes.

Tamén puidemos constatar que a media de persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social entre abril de 2022 e abril 2023 aumentou e, neste caso, só o fixo a modalidade indefinida en máis de 76 357 persoas afiliadas de media, pois a temporal reduciuse nun 35,34 % e 60 854 persoas. A este bo resultado débese engadir que, da afiliación indefinida, a que numericamente experimentou un maior crecemento segue sendo a afiliación a xornada completa, a pesar de que tanto a parcial como os fixos discontinuos tamén presentan unha tendencia crecente.

A análise por sexos permitiunos constatar que, aínda que tanto homes como mulleres ven melloras en termos de estabilidade, menos parcialidade, máis contratación indefinida e máis emprego a xornada completa, elas fano sempre a un ritmo inferior ao dos homes. Hai que ter presente que o escenario é moi diferente entre sexos, posto que elas sofren maior inestabilidade laboral, a parcialidade recae marcadamente sobre elas e, por tanto, as melloras non lles afectan do mesmo xeito porque o punto de partida é diferente.

Maio 2023

